Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados coas subvencións destinadas a concellos para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

- 547 (11/INT-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego na X lexislatura para establecer os convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con determinados concellos galegos

- 548 (11/INT-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego na X lexislatura para establecer os convenios de colaboración asinados pola entidade Augas de Galicia con determinados concellos galegos

- 582 (11/INT-000017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 479 (11/PRE-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento, ante unha eventual suspensión do servizo de comedor escolar a consecuencia da covid-19, dun procedemento eficiente para xestionar as axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios



- 480 (11/PRE-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

- 481 (11/PRE-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgún estudo que permita coñecer as distintas alternativas necesarias para continuar o seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais

- 490 (11/PRE-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Centro de Educación Infantil e Primaria Pedro Antonio Cerviño de Campolameiro

- 523 (11/PRE-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas que está tomando e vai tomar a Xunta de Galicia diante da evolución da covid-19 en Galicia

- 524 (11/PRE-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de atención primaria

- 525 (11/PRE-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a realización de tests masivos á poboación galega para loitar contra a covid-19

- 528 (11/PRE-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación en que se atopa o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

- 542 (11/PRE-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 4 máis



Sobre as actuais obras de reforma do edificio xudicial de Ourense

- 573 (11/PRE-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e respecto da previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada axencia, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

- 574 (11/PRE-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola Axencia Galega de Infraestruturas para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e sobre a previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada axencia, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

- 575 (11/PRE-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola Consellería do Medio Rural para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e sobre a previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada consellaría, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

- 576 (11/PRE-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e sobre a previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada consellaría, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

- 577 (11/PRE-000018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e sobre a previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada entidade, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

- 578 (11/PRE-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados na X lexislatura coas axudas e subvencións recollidas na Orde do 12 de decembro de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2019, así como doutras cuestións ao respecto

- 579 (11/PRE-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos obxectivos acadados na X lexislatura coas axudas e subvencións recollidas na Orde do 12 de decembro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2019, e doutras cuestións ao respecto

- 583 (11/PRE-000021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Vega Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Cores Tourís, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Se contamos coa mellor terra, co mellor produto e cos medios axeitados para desenvolverlos debemos ser quen de potenciais dende todos os ámbitos: o sanitario, o tecnolóxico e o promocional. A pasada lexislatura permitiu a posta en marcha da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), que agrupa os centros de investigación e formación agroforestais dependentes da Xunta de Galicia ao tempo que tutela toda a calidade diferenciada galega que se organiza en 36 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

O reto para esta nova lexislatura é atopar un mecanismo para a promoción conxunta desta produción de calidade diferenciada. Nun dos últimos Consellos da Xunta da pasada lexislatura, o goberno galego adoptou a decisión de facelo a través dun selo xa existente e de éxito contrastado, como é Galicia Calidade.



En aquel momento, anunciouse que o impulso a Galicia Calidade como identidade da excelencia no rural galego faríase con base en dous piares, o financiamento e a estratexia. O primeiro deles debía pivotar sobre a promoción, o posicionamento e a axuda a todos os produtores, produtos e transformadores da nosa produción agroalimentaria. O segundo, a estratexia, debía centrarse en optimizar recursos, para unificar a acción de todos os actores implicados e para levar a marca ao primeiro nivel mundial de calidade.

En consecuencia, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2020 incluíu esta proposta, concretando que este novo selo debía englobar:

- Os produtos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida
- Os produtos que cumpran requisitos de excelencia en produción ou transformación
- Os produtos derivados das razas gandeiras autóctonas galegas, dándolle así un valor engadido a estas producións
- Os produtos amparados co selo Galega 100%, que recoñece e distingue o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións leiteiras da nosa comunidade.
- Os produtos da marca pescadeRías
- Os produtos que acaden o distintivo de artesanía alimentaria conforme ao recentemente aprobado Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria

Esta proposta foi, deste xeito, incluída no programa electoral que foi avalado pola maioría dos votantes galegos nas pasadas eleccións autonómicas pero desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos de interese sometela a debate deste Parlamento antes de implementala para poder recoller as achegas dos restantes grupos e sacar adiante este proxecto co maior respaldo político posible.



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar o selo Galicia Calidade para que funcione como marca paraugas de todos os produtos que reflexan a excelencia do sector primario galego”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/08/2020 17:06:29

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 17:06:49

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/08/2020 17:07:09

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 17:07:26

Cristina Sanz Arias na data 24/08/2020 17:07:42

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 17:08:09

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 17:08:22

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 17:08:35

María Elena Candia López na data 24/08/2020 17:08:47

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 17:09:05

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2020 17:09:27

Noelia Pérez López na data 24/08/2020 17:09:36

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/08/2020 17:09:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Angel Tellado Filgueira na data 24/08/2020 17:09:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/08/2020 17:10:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG9UqZkN3yW7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Vega Pérez, Elena Candia López, José Manuel Cores Tourís, Marta Fernández-Tapias Núñez, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñado, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereá Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Os efectos do cambio climático obrigan ás administracións públicas a adaptar os seus sistemas para loitar con maior eficacia contra os seus efectos, un dos cales son os lumes forestais de última xeración.

As conclusións da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais creada no Parlamento de Galicia na pasada lexislatura, expresadas no seu Ditame, facían unha especial incidencia na necesidade de incrementar a investigación e a formación sobre este tipo de lumes.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia optou por incorporar ao seu programa electoral para as eleccións autonómicas de 2020 unha proposta neste sentido: a posta en marcha dun centro, promovido pola Consellería do Medio Rural, para dar formación aos bombeiros forestais, converténdoo nun centro de análise de incendios que englobe a formación, a prevención e a I+D+I.



Esta proposta foi, deste xeito, incluída no programa electoral que foi avalado pola maioría dos votantes galegos nas pasadas eleccións autonómicas pero desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos de interese sometela a debate deste Parlamento antes de implementala para poder recoller as achegas dos restantes grupos e sacar adiante este proxecto co maior respaldo político posible.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dun Centro Integral para a Loita contra o Lume dotado con persoal especializado no comportamento e análise dos lumes forestais para dar formación aos bombeiros forestais e desenvolver análise e investigación”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/08/2020 17:18:49

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 17:19:05

María Elena Candia López na data 24/08/2020 17:19:20

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 17:19:41

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 24/08/2020 17:19:59

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 17:20:12

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 17:20:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 17:20:37

José Manuel Balseiro Orol na data 24/08/2020 17:20:55

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 17:21:05

María Sol Díaz Mouteira na data 24/08/2020 17:21:18

Martín Fernández Prado na data 24/08/2020 17:21:31

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2020 17:21:57

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/08/2020 17:22:05

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/08/2020 17:22:17

Borja Vereá Fraiz na data 24/08/2020 17:22:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Vega Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Cores Tourís, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Un dos retos da Galicia da próxima década é a introdución da innovación e da transformación tecnolóxica tanto nos servizos públicos como nos sectores económicos.

As empresas existentes e as que xurdan deberán desenvolver a súa actividade partindo da base dun ecosistema dixital e innovados do que tamén deben tomar parte os organismos públicos de investigación.

No caso do sector primario, a súa aposta pola calidade diferencia dos produtos galegos debe sustentarse tamén nun traballo de investigación e innovación sobre o desenvolvemento das súas propiedades.

Con este obxectivo en mente, o Partido Popular de Galicia introduciu no seu programa electoral para a lexislatura 2020-2024 unha proposta para a creación dunha ferramenta estratéxica de mellora da competitividade e a sustentabilidade do sector agrogandeiro, industrial agroalimentario, forestal



e vitivinícola que contribúa á conservación do medio ambiente no reto da potenciación dunha economía circular.

Propúxose a creación dunha Fundación de Investigación Agraria Aplicada aproveitando o potencial da arquitectura en I+D+i xa existente en Galicia, co fin de integrar todo nunha estrutura única, diversificada, especializada e con presenza nos diferentes territorios e zonas da nosa comunidade.

Unha Fundación que deberá acometer a actualización estrutural e o desenvolvemento funcional dos nosos centros de investigación ao tempo que o impulso para a implantación de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, forestal, vitivinícola e agroalimentario.

Esta proposta foi, deste xeito, incluída no programa electoral que foi avalado pola maioría dos votantes galegos nas pasadas eleccións autonómicas pero desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos de interese sometela a debate deste Parlamento antes de implementala para poder recoller as achegas dos restantes grupos e sacar adiante este proxecto co maior respaldo político posible.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unha Fundación de Investigación Agraria Aplicada de Galicia sustentada na base da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e nos centros de investigación da Consellería do Medio Rural e a desenvolver un plan estratéxico da mesma”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 24/08/2020 17:24:12

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 17:24:32

Marta Nóvoa Iglesias na data 24/08/2020 17:24:51

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 17:25:07

Cristina Sanz Arias na data 24/08/2020 17:27:12

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 17:27:29

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 17:27:45

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 17:28:02

María Elena Candia López na data 24/08/2020 17:28:18

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 17:28:36

José Alberto Pazos Couñago na data 24/08/2020 17:28:54

Noelia Pérez López na data 24/08/2020 17:29:03

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/08/2020 17:29:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/08/2020 17:29:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/08/2020 17:29:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Elena Candia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, e Borja Vereá Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, existía un epígrafe específico sobre a recuperación dos cascos históricos.

Dentro das medidas contempladas neste epígrafe contemplábanse medidas de intervención pública directa “orientadas a conseguir a rehabilitación de aqueles cascos ou edificacións que están especialmente degradados e que requiren, polo tanto, unha maior intervención pública para conseguir a súa rehabilitación”.

En cumprimento dese compromiso electoral, en 2017 a Xunta de Galicia creou o programa Rexurbe, destinado á adquisición e rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos, e realizou a primeira oferta pública de adquisición de inmobles en Betanzos, Ferrol, Lugo e Ourense.



A aposta decida da Xunta de Galicia pola rehabilitación directa en conxuntos históricos xa deu froitos no Casco Vello de Vigo, no barrio lucense da Tinería ou no Casco de Vello de Ourense, entre outros, demostrando que se trata dunha liña de actuación que debe manterse no tempo e incrementarse dentro do posible.

Por iso a Xunta de Galicia impulsou na pasada lexislatura a aprobación da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que regula as áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

No novo programa electoral co que o Partido Popular de Galicia volveu a obter a confianza maioritaria dos galegos en xullo de 2020, o compromiso adquirido foi o de poñer en marcha a rehabilitación de preto de 3.000 vivendas a través da declaración de novas áreas REXURBE que se creen ao abeiro da devandita Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do programa Rexurbe realizando novas convocatorias públicas de adquisición de inmobles e declarando novas áreas Rexurbe a través da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 12:32:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 25/08/2020 12:33:00

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 12:33:18

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 12:33:51

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 12:34:04

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 12:34:19

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 12:34:33

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 12:34:45

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 12:34:57

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 12:35:19

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 12:35:32

Ovidio Rodeiro Tato na data 25/08/2020 12:35:53

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 12:36:05

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 12:36:20

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 12:36:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Elena Candia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, e Borja Vereá Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O territorio é un recurso natural escaso, non renovable e extraordinariamente valioso que da soporte físico á vida, aos asentamentos de poboación, aos centros de produción de bens e servizos e a todas as actividades humanas.

Todos os cidadáns, sexan ou non propietarios do solo, teñen dereito a un medio urbano e natural adecuado para o desenvolvemento da persoa. Baixo estas premisas naceu no ano 2008 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), un ente de dereito público de natureza consorcial, adscrito a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e que ten como obxectivo fundamental velar polo uso racional do solo, protexer o noso territorio e a nosa paisaxe.



Da APLU forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos que voluntariamente se adhiran. Así, as entidades locais poden integrarse, de xeito voluntario, cedendo as competencias que en materia de disciplina urbanística lle corresponden.

A finalidade última da APLU é restaurar a orde física vulnerada coa reposición do terreo ao estado anterior á actuación ilegal e, indirectamente, evitar situacións ilícitas mediante medios punitivos, como a imposición da sanción.

O actual goberno, comprometido coa defensa da legalidade urbanística e coa protección da paisaxe, reforzou as capacidades da APLU a través da Lei do Solo do ano 2016 con competencias que a Axencia foi asumindo ao longo do ano 2018, que rematou con récord de actividade. Froito deste traballo a APLU ten abertos centos de expedientes de disciplina urbanística que teñen unha tramitación longa ao tratar de dar a máxima garantía xurídica aos administrados e abrir períodos de audiencia aos interesados.

Durante estes períodos, é posible que algunha das vivendas ou edificios que teñen abertos expedientes de disciplina urbanística podan poñerse a venda, o que significaría unha importante indefensión para o posible comprador. E por elo que, garantindo o cumprimento da lexislación vixente no relativo a protección de datos de carácter persoal, sería desexable que poida existir un sistema de información xeográfica accesible por web que traslade a información dos expedientes das edificacións sobre as que exista un expediente de reposición da legalidade co obxectivo de favorecer a seguridade xurídica no tráfico inmobiliario, así como incrementar a información pública a disposición da cidadanía.

Como é coñecido polos medios de comunicación, a Xunta xa comezou cos traballos para a elaboración deste sistema, pero desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos de interese someter a súa posta en marcha a debate deste Parlamento antes de inicialo para poder recoller as achegas dos restantes grupos e sacar adiante este proxecto co maior respaldo político posible.



E por elo que os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a implantar un sistema de xeorreferenciación das edificacións sobre as que exista un expediente de reposición da legalidade co obxectivo de favorecer a seguridade xurídica no tráfico inmobiliario, así como incrementar a información pública a disposición da cidadanía”.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 12:28:31

María Elena Candia López na data 25/08/2020 12:28:50

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 12:29:04

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 12:29:15

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 12:29:41

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 12:29:56

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 12:30:11

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 12:30:24

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 12:30:36

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 12:31:08

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 12:31:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ovidio Rodeiro Tato na data 25/08/2020 12:31:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 12:31:45

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 12:32:00

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 12:32:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, Encarnación Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Elena Suárez Sarmiento ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A pandemia ocasionada pola Covid-19 fixo necesario adoptar no ámbito da xestión de recursos humanos medidas excepcionais dirixidas a reforzar os cadros de persoal para facer fronte á crecente carga asistencial derivada da Covid-19.

Galicia, no seu firme compromiso pola estabilización, mantivo anualmente, de forma ininterrompida desde o ano 2012, as convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, esgotando a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica orzamentaria, permitindo a incorporación de preto de 6.000 profesionais, con vínculo de fixeza ás institucións sanitarias, no período 2012-2019.

Aínda cando as taxas de estabilización e o incremento do 8% para as Comunidades que cumpren cos obxectivos déficit (como Galicia) permitiron incrementar estes últimos anos o número de prazas a ofertar nas OPES, non é suficiente nun contexto de indispoñibilidade de



profesionais, que esixe mellorar as condicións laborais dos recursos humanos dispoñibles, a efectos de retelos.

Porén, a eliminación da taxa de reposición no eido da sanidade pública galega foi unha petición reiterada neste Parlamento nos últimos anos.

En marzo de 2017, gobernando o presidente Rajoy, aprobouse en Pleno por unanimidade unha proposición non de lei do grupo socialista instando ao Goberno do Estado a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten postos de traballo de carácter estable.

En decembro de 2019, xa co goberno PSOE-Podemos, o Pleno do Parlamento aprobou tamén por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Popular que demandaba “retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o Sistema Sanitario Público”.

Nas actuais circunstancias de emerxencia sanitaria, é imprescindible que o Estado elimine a taxa de reposición, tal e como foi solicitado de maneira reiterada, para que poidan ser ofertadas por cada Comunidade todos os postos que as necesidades asistenciais están a demandar.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público, permitindo ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da COVID-19”.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 17:20:01

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:20:18

José Manuel Rey Varela na data 25/08/2020 17:20:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:20:40

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 17:20:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:21:07

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 17:21:26

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:21:37

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 17:21:50

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:22:00

Álvaro Pérez López na data 25/08/2020 17:22:07

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:22:18

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 17:22:30

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 17:22:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:23:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, Encarnación Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Desde a Declaración do Estado de Alarma no mes de marzo e das sucesivas prórrogas do mesmo incidimos na necesaria modificación da lei orgánica de medidas especiais en materia de saúde pública.

É necesaria a modificación da lei orgánica 3/1986 de medidas especiais en materia de saúde pública para poder combater a pandemia en condicións de seguridade xurídica. A lexislación debe recoller medidas suficientes para actuar que eviten ter que recorrer de novo ao estado de alarma. Debe recollese a posibilidade de establecer medidas xerais como cordóns sanitarios, confinamentos da poboación ou limitacións ao dereito de reunión.

Como xa se pronunciaron nalgúns xulgados, cando estas medidas son xerais non deben estar suxeitas a ratificación xudicial. O listado de medidas, sen embargo, non debe ser pechado para permitir adaptarse sempre á situación.



Así mesmo, deben recollerse na lei as competencias estatais e autonómicas para a adopción das medidas. Á Administración do Estado debe corresponderlle a adopción das medidas que afecten ao territorio de máis dunha Comunidade Autónoma, como o control dos desprazamentos de poboación entre Comunidades Autónomas.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que acometa, canto antes, os cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da COVID-19 con plenas garantías e seguridade xurídica”.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 17:16:26

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:16:42

José Manuel Rey Varela na data 25/08/2020 17:16:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:17:04

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 17:17:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:17:37

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 17:17:53

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:18:10

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 17:18:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:18:37

Álvaro Pérez López na data 25/08/2020 17:18:43

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:18:53

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 17:19:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 17:19:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:19:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, Encarnación Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

O 13 de marzo de 2020 foi declarada a emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activouse o Plan de emerxencias de Galicia. Parece razoable e necesario que se estableza unha normativa común e específica para COVID-19 en materia de sancións para que non sexan distintas as que se apliquen polos mesmos supostos entre as distintas Comunidades Autónomas.



Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que estableza unha normativa común que regule as sancións derivadas do incumprimento das medidas establecidas para a prevención e loita contra a pandemia”.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 17:04:28

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:04:47

José Manuel Rey Varela na data 25/08/2020 17:05:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:05:21

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 17:05:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:05:57

Diego Calvo Pouso na data 25/08/2020 17:06:13

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:06:50

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 17:07:13

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:07:33

Álvaro Pérez López na data 25/08/2020 17:07:41

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:08:05

Paula Prado del Río na data 25/08/2020 17:08:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 17:08:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:09:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, Elena Cándia López, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Exposición de motivos:

En 2017 esta cámara aprobaba, por primeira vez na historia, a primeira Lei de Portos de Galicia. Con esta nova lei, preténdese, entre outros aspectos, reforzar as potencialidades dos portos galegos ante os retos que se están a afrontar para o seu desenvolvemento de cara ao futuro e a apertura progresiva a novos e maiores mercados e investidores, optimizando o potencial económico do sector portuario galego, xerando tamén a seguridade xurídica necesaria para a planificación de proxectos de capital privado, e constituíndo un aliciente para o investimento.

Esta lei presentouse como un exemplo de texto representativo e de consenso co sector, contendo nela achegas recollidas dun centenar de representantes da comunidade portuaria, incluíndo por tanto, achegas do sector profesional, do empresarial e comercial e da náutica recreativa.



Galicia é con diferencia a comunidade autónoma de España que máis portos posúe, con 122 instalacións portuarias, e tamén a comunidade na que os portos teñen máis usos diferentes. De aí a importancia de incidir na coordinación e operatividade dos aproveitamentos dos espazos portuarios.

No que respecta á ordenación do solo portuario, con esta nova lei contéplase a creación de plans especiais que recollen a planificación específica de cada peirao e a zonificación das actividades que se desenvolven nel. Ademais, impulsase a coordinación áxil cos concellos para dotar aos portos dos instrumentos necesarios de planificación e ordenamento.

En definitiva, o que se pretende é reforzar as potencialidades e os aproveitamentos das distintas actividades existentes en cada porto, de xeito que se optimicen estas instalacións do xeito máis favorable posible á contorna onde se ubican.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a complementar as actuacións nos espazos portuarios de cara a adecualos á súa plena operatividade e de mellorar a eficiencia do seu aproveitamento e relación coas zonas urbanas nas que se asentán, para o que se promoverá unha ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, coa mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos, amais de catalogar e achegar aos concellos os espazos susceptibles de servir para usos urbanos e dedicados á sociedade en xeral e avanzar cara á aprobación do Plan de Equipamentos Portuarios, que deberá dar resposta ás necesidades de elementos loxísticos e de servizo, así como impulsar un plan de dragados dos portos autonómicos.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 09:57:34

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 09:57:52

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 09:57:59

María Elena Candia López na data 26/08/2020 09:58:11

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 09:58:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 09:59:11

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 09:59:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 09:59:51

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 10:00:13

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 10:00:28

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 10:00:50

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 10:01:01

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 10:01:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 10:01:32

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:02:00



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, Elena Cándia López, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Exposición de motivos:

O 96% dos buques con porto base en Galicia faenan dentro do denominado Caladoiro Nacional Cantábrico-Noroeste. Concretamente, representa a máis de 4.250 unidades, entre barcos de artes menores, arrastreiros, palangreiros e cerqueiros, ademais doutras artes.

Este feito fai especialmente relevante a súa importancia socioeconómica para a nosa comunidade autónoma, xa que estes buques son os responsable do 84,3% das descargas do total da frota galega, o que se corresponde cun 64,2% da facturación total en primeira venda.

Neste sentido, debemos salientar que as modificacións levadas a cabo durante os últimos anos nos sistemas de xestión desta frota permitiron avances significativos no seu rendemento, xa que en 2017 presentou unha evolución positiva en descargas, cun aumento do 20,7%, e en facturación, cun incremento do 1,4%.



Por tanto, hai que sinalar que con esta tendencia evolutiva calquera cambio no modelo de actividade a realizar mediante o Plan de Xestión do Caladoiro Cantábrico - Noroeste terá especial incidencia sobre esta frota e sobre a estrutura socioeconómica do entrabado marítimo-pesqueiro galego.

En todo caso, aínda que efectivamente os resultados están sendo satisfactorios para Galicia, si é posible realizar melloras que permitan implantar medidas de flexibilización da xestión que leven a un mellor aproveitamento das cotas, a un maior rendemento económico e a un máis claro equilibrio e sostibilidade da frota.

Por isto, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno de España que se informe de calquera movemento ou cambio que se poida producir do actual modelo de xestión do caladoiro Cantábrico Noroeste, ao mesmo tempo que solicita que se respecte este modelo, que tan bos resultados están dando para o sector pesqueiro galego”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 10:44:35

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:44:56

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:45:03

María Elena Candia López na data 26/08/2020 10:45:14

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:45:53

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:46:02

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:46:21

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.



2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas entidades locais así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das Entidades Locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 Entidades Locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron Remanente de Tesourería positivo; destruíu a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, o socialista Abel Caballero. Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns € -a ingresar ás EE.LL. entre 2020 e 2021- totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao



gobierno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real Decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as entidades locais cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciños, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real Decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“1. O Parlamento de Galicia manifesta:

A. O seu apoio expreso ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real Decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

B. O seu fondo rexeitamento ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha “apariencia” de apoio unánime das EE.LL. ao Real Decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

C. O profundo rexeitamento desta Cámara a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados pola veciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

A. Que respecte e garanta a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.



B. Que atenda as demandas das entidades locais para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.

C. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 16:52:39

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 16:52:52

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 16:53:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 16:53:23

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:53:36

María Elena Candia López na data 26/08/2020 16:53:45

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 16:54:03

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:54:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/08/2020 16:54:34

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 16:54:43

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 16:54:49

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 16:55:22

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 16:55:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 16:55:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 16:55:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, María Corina Porro Martínez, Marisol Díaz Mouteira, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Diego Calvo Pouso, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Elena Suárez Sarmiento, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A crise sanitaria xerada pola COVID-19 impactou en todos os ámbitos, entre eles no eido da Administración de xustiza, no que supuxo unha importante repercusión a redución xeneralizada da actividade xudicial non esencial durante o estado de alarma.

As súas consecuencias non só atinxen á necesidade de recuperar o traballo correspondente ás actuacións xudiciais suspendidas durante o dito período, senón que tamén implicarán no curto prazo un incremento da litixiosidade derivada da paralización de determinados sectores industriais e empresariais (despidos no ámbito laboral, impugnacións xudiciais de expedientes de regulación de emprego, concursos de acredores, reclamacións no eido do consumo, etc.), que incidirán especialmente na sobrecarga das xurisdicións laboral, mercantil e contencioso-administrativa, entre outras.

Para afrontar estes efectos, o Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, anunciaba a aprobación polo Goberno da Nación dun Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís, o cal foi finalmente aprobado polo Consello de Ministros o pasado 7 de xullo.

O dito Plan determina as medidas que cómpre adoptar nos distintos xulgados que así identifica en todo o Estado, as cales implican importantes custos para as administracións prestacionais dos medios materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza, ao definir actuacións que van desde a dotación de



retribucións extraordinarias ao persoal dos órganos xudiciais para a súa participación en programas de actuación por obxectivos, como a dotación de persoal de reforzo externo naqueles xulgados que xa concentraban un volume de traballo moi elevado, e mesmo a creación de novos xulgados.

Afrontar as medidas contidas no plan deseñado polo Goberno da Nación para toda a Administración de xustiza, require dun importante esforzo de atención e de planificación orzamentaria por parte das Administracións Autonómicas ás que lles corresponde o 90% do custo na súa dotación (locais, mobiliario, funcionarios, etc.).

Concretamente respecto da primeira fase do Plan, cuxo desenvolvemento está previsto no período setembro-décembro 2020 e que se concentra nos xulgados do social e mercantís, o pasado 23 de xullo dábase conta no Consello da Xunta das medidas e do custo que en materia de persoal suporá a súa posta en marcha no territorio para a Administración Autónoma da Xunta de Galicia, incluídos os tres novos xulgados do social que o Ministerio contempla crear ao abeiro do dito plan.

Boa parte das medidas previstas polo Goberno da Nación para a recuperación no ámbito da Administración de xustiza, implican para a Comunidade Autónoma – provedora dos medios económicos, materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza-, a execución dunha serie de actuacións que superan amplamente e de maneira sobrevida os servizos predefinidos aos que se circunscibía o sistema de financiamento tras o traspaso dos ditos medios (Reais decretos 2166/1994 e 2397/1996), polo que requiren da ineludible achega económica por parte do Estado a tal fin.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Atender, en coordinación cos representantes do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza, as necesidades determinadas na primeira fase do Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial elaborado para a Administración de xustiza.
2. Instar ao Goberno de España a efectuar a achega económica necesaria para afrontar as medidas de recuperación previstas no ámbito da Administración de xustiza pola ampliación sobrevida de actuacións non contempladas no sistema de financiamento no momento do traspaso de competencias.



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 16:45:38

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 16:45:53

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 16:46:07

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 16:46:19

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:46:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 16:46:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 16:46:52

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 16:47:05

María Elena Candia López na data 26/08/2020 16:47:19

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:47:34

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 16:47:44

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 16:47:51

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 16:48:01

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 16:48:11

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 16:48:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Elena Candia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereja Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O Goberno galego, dentro da liña de actuación que está a desenvolver encamiñada a sanear as rías galegas, investiu máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo. Este investimento concretouse en actuacións de apoio aos concellos da ría nas súas competencias de saneamento e depuración das augas residuais, fundamentalmente en beneficio dos municipios da Coruña, Oleiros, Culleredo e Cambre.

Unha vez rematadas estas obras de saneamento e para completar a mellora da calidade ambiental do entorno, o Goberno de España, competente na rexeneración do litoral, impulsou o proxecto da dragaxe da ría do Burgo e consignou unha partida de 24 millóns de euros nos orzamentos de 2018, que seguen a ser os orzamentos vixentes na actualidade.

Coa fin de completar o investimento necesario para a execución da dragaxe, un total de 46,3 millóns de euros, e por suxestión da propia Administración autonómica, o actual Goberno de España realizou os trámites oportunos para cofinanciar esta actuación con fondos europeos do treito estatal.

Porén, transcorridos xa moitos meses desde que se cumprimentaron eses trámites, o certo é que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico non procedeu aínda á licitación das obras da dragaxe da Ría do Burgo.



Eses traballos desenvolveranse en terreos de titularidade estatal nos que se desenvolve actualmente unha actividade marisqueira que debe ser suspendida con carácter previo ao inicio das obras da dragaxe. A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia acreditou xa convenientemente que esa circunstancia non supón ningún impedimento para a inmediata licitación das obras da dragaxe.

O Goberno galego comprometeuse no seu día, e reiterouno xa en varias ocasións, a que no momento que os traballos de dragaxe sexan adxudicados e antes de que comecen as obras, suspenderá os permisos de marisqueo vixentes na zona. Este cese de actividade será recoñecido e asumido pola propia cofaría de pescadores da Coruña. Cancelar a actividade marisqueira na ría do Burgo antes de que comecen as obras suporía un grave e innecesario prexuízo para o sector e, a tenor do informe xurídico da Xunta e da propia declaración de impacto ambiental da obra de dragaxe, é totalmente innecesario posto que a ocupación dos terreos está garantida.

Desde este grupo parlamentario e a tenor dos feitos relatados consideramos que non hai razóns obxectivas para dilatar máis no tempo a execución da dragaxe da ría do Burgo por parte do Goberno central, unha actuación que resulta ademais necesaria e urxente.

E é por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que:

1. Acredite que dispón crédito orzamentario necesario para a execución das obras de dragaxe da ría do Burgo.
2. Proceda coa maior brevidade posible á licitación das obras de dragaxe da ría do Burgo, toda vez que as actuacións se desenvolverán en terreos de titularidade estatal e a Asesoría Xurídica da Xunta ten acreditado convenientemente que a actividade marisqueira existente na zona non supón impedimento algún para a inmediata licitación das obras da dragaxe”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto 2020.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 17:05:17

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:05:31

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:05:51

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:06:07

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 17:06:18

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 17:06:36

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 17:06:49

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 17:06:59

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 17:07:19

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:07:29

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:07:42

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:07:51

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 17:08:05

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 17:08:25

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 17:08:35

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 17:08:49

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 17:09:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Elena Candia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, comprometeu ante o presidente da Xunta en xullo de 2018 que as obras do AVE a Galicia estarían finalizadas a finais do ano 2019, data na que comezarían as imprescindibles probas de seguridade. En outubro dese mesmo ano, o entón ministro de Transportes, José Luis Ábalos, ratificou ese compromiso durante a súa visita oficial a Santiago de Compostela.

O tempo demostrou que os prazos comprometidos non se cumpriron, tal e como avanzou a Xunta de Galicia en virtude dos seus propios informes técnicos sobre a evolución das obras, e sen que se ofrecese á cidadanía galega explicación algunha sobre as causas deste novo e acentuado retraso.

Obviando ese clamoroso incumprimento dos prazos comprometidos, nos últimos meses altos cargos do Goberno e do Adif veñen realizando declaracións públicas nas que sitúan a posta en servizo do AVE a Galicia entre a primavera e o verán de 2021, é dicir, durante a celebración do Ano Xacobeo.

Porén, actualmente as obras do AVE non están rematadas e o Goberno de España desoe as continuas demandas formuladas pola Xunta sobre a evolución dos traballos e as súas previsións concretas de finalización. Tendo en conta que a infraestrutura ferroviaria deberá, unha vez rematada, someterse ás necesarias probas de seguridade e superar os rigorosos protocolos establecidos pola Axencia de Seguridade Ferroviaria,



semella altamente improbable que se poida cumprir ese novo prazo de posta en servizo en primavera ou verán de 2021.

Para que os galegos poidan dispoñer dunha información transparente, actualizada e veraz sobre esta infraestrutura prioritaria, sería necesaria a constitución dunha comisión de seguimento que lles permita ás administracións estatal e autonómica manter un diálogo directo, fluído e periódico sobre o desenvolvemento das obras, tal e como ten solicitado oficialmente o Goberno galego sen obter resposta. Cómpre ter en conta que comisións semellantes, de feito, están xa operativas noutras comunidades autónomas, tamén co fin de manter actualizado nos diferentes territorios o avance dos traballos da alta velocidade.

No que respecta á modernización ferroviaria entre Lugo e Ourense, onde o Goberno galego tamén ten constatado que o prazo de finalización en 2021 non é asumible, toda vez ata o de agora non hai ningunha obra en marcha e a única actuación licitada representa unha porcentaxe mínima das intervencións necesarias para que esta modernización poida estar finalizada no prazo comprometido.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

- 1.- Aporte información transparente e un cronograma veraz sobre a evolución das obras da conexión da alta velocidade entre Galicia e Madrid e as previsións para a súa posta en servizo.
- 2.- Constitúa unha comisión de seguimento das obras do AVE a Galicia, como xa ten demandado o Goberno galego, fixando a periodicidade das reunións, similar ás xa operativas noutras comunidades autónomas.
- 3.- Aclare o cronograma en relación ás contratacións e execución das obras para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 17:46:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:46:23

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:46:39

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:47:00

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 17:47:12

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 17:47:38

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 17:47:48

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 17:48:08

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 17:48:20

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:48:41

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:48:51

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:49:03

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 17:49:14

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 17:49:34

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 17:49:42

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 17:50:08

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 17:50:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Elena Candia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Desde hai anos, todas as actuacións en materia de estradas da Xunta de Galicia teñen como un dos seus obxectivos prioritarios o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa titularidade, nos máis de 5.500 quilómetros que compoñen a rede viaria autonómica.

A este obxectivo responden distintas medidas e plans que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos, incluídas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, como o Plan de vialidade invernal, o Plan de reforzos de firme ou o Plan de Sendas de Galicia.

Tamén a Xunta conta cun Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso que veu aplicando nos últimos anos, realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas da súa titularidade.

Para darlle continuidade a esta iniciativa, o pasado ano a Xunta licitou un novo contrato de servizo para garantir a aplicación deste programa de inspeccións en pontes e obras de paso na rede autonómica de estradas durante os próximos anos. Unha licitación coa que o Goberno galego atende a Resolución aprobada por este Parlamento na pasada lexislatura, na que se instaba a manter o programa de inspección de pontes e obras de paso nas estradas de titularidade da Xunta.



Ademais, no pasado mes de xullo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sacou a licitación un novo contrato de servizo que amplía o control dos elementos das estradas, centrado na inspección dos muros e noiros da rede autonómica de estradas para garantir a súa boa conservación durante os próximos anos, dando tamén resposta á resolución aprobada no seu día na Cámara autonómica.

Paralelamente, o Goberno galego está centrando esforzos e destinando inxentes recursos á Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas: unha medida par actuar en todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas de titularidade da Xunta, tamén na liña dunha Resolución aprobada no seu día polo Parlamento galego.

Así pois, parece lóxico solicitar tamén do Goberno do Estado, titular dunha ampla rede de estradas na nosa Comunidade, que adopte medidas e active programas similares aos que está aplicando a Xunta nas estradas da súa competencia: para eliminar os chamados puntos negros das estradas estatais e tamén programas de inspección específicos de pontes e obras de paso e de noiros, que permitan facer un seguimento continuo destas estruturas das vías de competencia estatal

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a solicitar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana:

- 1.- A aprobación e impulso dun programa para a eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede estatal de estradas en Galicia.
- 2.- A activación de programas específicos de inspección de pontes, viadutos e obras de paso, e tamén de inspección sistemática de noiros, nas estradas da súa titularidade, de modo similar ao que fai a Xunta na rede viaria da súa competencia”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 17:59:42

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:59:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 26/08/2020 18:00:09

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 18:00:43

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 18:00:57

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 18:01:06

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 18:01:20

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 18:02:01

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 18:02:13

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 18:02:22

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:02:33

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 18:02:44

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 18:03:24

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 18:03:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 18:04:07

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 18:04:49

Borja Vereá Fraiz na data 26/08/2020 18:06:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, Encarnación Amigo Díaz, Diego Calvo Pouso, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda e Elena Suárez Sarmiento ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O Sistema Viogén é o sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero. Foi no ano 2007 cando se puxo en marcha cun obxectivo moi claro que é o de avaliar a intensidade, as circunstancias e o grao de risco das mulleres vítimas de violencia de xénero. A día de hoxe hai un plan de autoprotección individualizado para cada vítima.

Despois da aprobación do Pacto de Estado no 2017, onde nas súas medidas se incluían modificacións que fosen elaboradas polo Ministerio de Interior para mellorar a valoración policial do nivel de risco e a súa seguridade, cun seguimento de cada caso que, dun xeito específico, incluíse o risco nos menores, así como a predición de reincidencia co fin de identificar e alertar á autoridade xudicial e ao Ministerio fiscal dos casos dun risco alto.

As modificacións máis importantes do Protocolo Viogén son na estimación do risco, na xestión dos casos, na seguridade e protección e nas medidas de protección obrigatorias. E a finalidade é clara: articular con precisión as medidas de protección tanto para ela como para os menores o seu cargo, no caso de violencia de xénero denunciar de oficio a pesares de que a vítima non o faga ou cando non conste denuncia, e ante a violencia de xénero a través das novas tecnoloxías validar como proba esta ferramenta.



Este sistema baséase na optimización dos recursos humanos e materiais, dos que dispoñen as Forzas e Corpos de seguridade do Estado en cada concello. Así e gracias aos recursos de proximidade a eficacia e efectividade do mesmo aumenta.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas de impulso coa FEGAMP para conseguir a adhesión de tódolos concellos galegos á rede Viogen de seguimento integral da violencia de xénero.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:21:50

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 19:22:07

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:22:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:22:41

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:22:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:23:07

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 19:23:23

María Elena Candia López na data 26/08/2020 19:23:39

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:23:53

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:24:04

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:24:21

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:24:32

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:24:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:24:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:25:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela e Ovidio Rodeiro Tato** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A sociedade pública de construción naval Navantia marcou, en 2014, como un dos seus obxectivos estratéxicos definir un modelo de estaleiro moderno e sustentable, tomando como referencia os estándares e as prácticas dos estaleiros máis destacados do mundo nos sectores civil e militar.

Con este propósito, presentou unha iniciativa orientada a reforzar a súa competitividade e a estabilizar o seu liderado mediante a incorporación de alta tecnoloxía e a diferenciación respecto a outros subministradores de produtos e servizos.

O proxecto Implantación do estaleiro 4.0 en Navantia Ferrol buscaba impulsar a modernización das instalacións e o aumento da eficiencia dos procesos produtivos da factoría actual, con operacións máis robotizadas, con sistemas de control máis dixitalizados e con produtos de máis estandarización, que repercutan tanto na redución de custos e de prazos, como na mellora da calidade. Estes investimentos serían tamén o fundamento para garantir a competitividade do estaleiro e competir en novas licitacións e contratos internacionais a futuro.

Esta aposta decidida pola modernización dos estaleiros que levou a cabo o último Goberno Central liderado polo Partido Popular uniuse á política de apoio integral ao sector naval desenvolvida pola Xunta, que redundou na consecución de carga de traballo para un dos sectores industriais estratéxicos de Galicia.

Coa moción de censura e a chegada dos socialistas ao Goberno, volvemos ás épocas de desleixo co naval ferrolán. O Executivo liderado por Pedro Sánchez non só retrasou



a execución de encargos que xa estaban proxectados, como o das Fragata F-110, senón que perdeu outros que os seus antecesores deixaran encarrilados para a súa consecución, como o das Fragatas para a mariña americana, no que Navantia partía como favorita, pero se lle acabou outorgando a unha empresa italiana.

Ante a ausencia de proxectos en carteira nos estaleiros ferroláns, nos meses finais de 2019 e primeiros de 2020, desde o Grupo Popular presentamos unha serie de iniciativas para que se constrúise en Ferrol-Fene un buque de aprovisionamento para a Armada (AOR) a fin de que haxa carga de traballo mentres non se iniciasen as labores para as fragatas F-110, coa insistente negativa do Goberno Sánchez.

Ante o complicado horizonte económico que deixa a pandemia da COVID-19, desde o Grupo Popular entendemos que é máis necesaria ca nunca a carga de traballo na ría de Ferrol, así como a modernización dos estaleiros, dada a necesidade de reforzar a súa competitividade internacional de cara ao presente e o futuro.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno Central na demanda de carga de traballo para Navantia, así como do desenvolvemento dos investimentos necesarios para dispor dun Estaleiro 4.0 que lle permita seguir competindo e acadando novos contratos para o naval galego

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:54:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:55:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:55:29

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 19:56:00

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:56:12

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 19:56:22

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 19:56:35



Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 19:56:47

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:56:59

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:57:09

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:57:16

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:57:26

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 19:57:38

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:57:48

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 19:58:03



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O pasado 28 de maio a empresa Alcoa anunciou un Expediente de Regulación de Emprego para 534 traballadores das súas plantas na provincia de Lugo, como paso previo ao peche das súas factorías en Galicia, enfrontándonos así á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio na Comunidade, unha materia básica e esencial para a nosa economía. Esta noticia culmina meses de incertezas sobre a viabilidade da empresa, lastrada fundamentalmente por un prezo inasumible da enerxía para unha produción competitiva.

O mero relato dos feitos é implacable co Goberno Sánchez primeiro, e co Goberno Sánchez-Iglesias, apoiado polo BNG, despois, posto que amosa un desleixo absoluto na solución deste problema.

- O 31 de outubro de 2018, a ministra Teresa Ribera anunciou por primeira vez un estatuto electrointensivo no Congreso.
- O 5 de febreiro de 2019, Reyes Maroto anuncia o estatuto para dentro de 3 meses.
- O 11 de marzo de 2019, Pedro Sánchez afirmou nun mitin na Coruña que en nove meses o seu goberno xa garantira o futuro para Alcoa.
- O 26 de xuño de 2019, unha vez pasadas as eleccións xerais, Reyes Maroto afirmou que se aprobaría o estatuto en canto se configurase o Goberno.
- O 20 de xaneiro de 2020, logo dunha repetición electoral e co goberno de coalición xa configurado, a ministra Yolanda Díaz dixo que o estatuto estaría aprobado “nuns días”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Cando por fin presentaron un borrador de estatuto, en febreiro de 2020, tanto as administracións autonómicas, como as empresas, como os comités coincidiron en que era insuficiente e non garantía a continuidade das industrias electrointensivas. De feito, Galicia, Asturias e Cantabria, tres autonomías gobernadas por partidos políticos distintos, conseguiron pactar unhas alegacións comúns ao Estatuto do Goberno, demostrando que este non era un tema de batalla política, senón de defensa dos intereses da industria e do emprego. Malia isto, a resposta do Goberno Central seguiu a ser o silencio e a deixadez.

O 30 de xullo, Alcoa informou de que o principal interesado en mercar as plantas de Lugo é o grupo Liberty House. Así, o 20 de agosto, o presidente Alberto Núñez Feijóo reuniuse cos responsables de Liberty House para coñecer o plan de futuro que teñen previsto desenvolver en Alcoa San Cibrao no caso de que a operación de compra-venda da factoría se resolva de forma satisfactoria. Neste sentido, a administración autonómica insistiu en que segue aberta a colaborar e formar parte da solución, sempre que esta pase por un proxecto viable e de futuro que garanta o mantemento dos postos de traballo e da actividade dunha factoría esencial para o desenvolvemento económico de toda a comarca da Mariña.

Con todo, desde o Grupo Popular entendemos que a solución, sexa a que sexa, pasa necesariamente por garantir un prezo eléctrico competitivo para toda a industria electrointensiva, que dea certezas ao sector e despexe o horizonte de cara ao futuro e garanta a viabilidade das empresas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno Central para

1. Fixar un prezo eléctrico competitivo, que pase pola aprobación dun estatuto para consumidores electrointensivos, incrementar ata o máximo que autoriza a Unión Europea as compensacións por custos indirectos de CO2 e un novo sistema de xestión da demanda que substitúa á poxa por interrompibilidade.
2. Amosar o seu compromiso de avaliar que proxectos do plan industrial de Liberty para as fábricas de Alcoa poidan optar ao Fondo Europeo de Recuperación Europeo de Recuperación.



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:51:07

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:51:23

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:51:43

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 19:52:06

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:52:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:52:33

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 19:52:43

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 19:52:53

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 19:53:04

María Elena Candia López na data 26/08/2020 19:53:15

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 19:53:33

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 19:53:44

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:53:56

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 19:54:08

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 19:54:17

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 19:54:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados , **Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Antonio Rodríguez Miranda, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, José Antonio Armada Pérez, Guadalupe Murillo Solís, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno polo trámite de Urgencia**

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

Exposición de Motivos:

O fomento e posta en valor do ensino en materia de Formación Profesional ten sido unha das máximas prioridades da Xunta de Galicia na última década e o será tamén nesta nova lexilatura.

O impulso dado á FP tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo. Sen dúbida, todas elas teñen contribuído a mellorar a percepción social sobre este nivel educativo.

A relación cada vez máis próxima entre a demanda dos sectores produtivos galegos e os contidos formativos dos diferentes ciclos formativos, tanto de grado medio como de grado superior, así como a realización de prácticas, supoñen un atractivo para os estudantes.

O carácter formativo teórico e práctico da Formación Profesional segue a espertar o interese da mocidade, xa que son conscientes de que o mesmo contribúe a mellorar as súas oportunidades de cara ao acceso a un posto de traballo.

O Grupo Parlamentario Popular entende que nesta aposta están a xogar un importante papel os Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) , que son aqueles que ofrecen e imparten formación profesional inicial ou regrada, e formación para o emprego.



Galicia conta na actualidade con 20 CIFP que integran unha rede que, ademais, conta xa co recoñecemento do Sistema de Xestión da Calidade da Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR), baseado na norma internacional ISO 9001.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Pleno

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego ampliar a Rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) en Galicia a través da incorporación de novos centros para mellorar a oferta de FP co obxecto de avanzar na formación e na adquisición das aptitudes e das competencias do alumnado galego.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 20:15:18

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 20:16:31

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 20:17:07

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:17:26

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 20:17:42

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 20:18:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:18:35

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 20:19:02

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/08/2020 20:19:29

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:19:50

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:20:16

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:20:36

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 20:20:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:21:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:21:38

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 20:21:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Mesa do 27.08.2020

A Mesa acorda a admisión a trámite polo procedemento de urxencia, coa substitución da expresión “O Parlamento de Galicia insta o Goberno central...” por “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central...”.

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Martín Fernández Prado, Cristina Sanz Arias, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, José Antonio Armada Pérez, José Manuel Cores Tourís, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereja Fraiz**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento de Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei** para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

Exposición de motivos:

Sen ningunha dúbida, un dos sectores máis debilitados pola crise económica e sanitaria motivada pola expansión da covid-19 é o sector turístico.

O Estado de Alarma obrigou a pechar durante meses á práctica totalidade dos establecementos turísticos en Galicia, xusto ás portas do comezo da tempada alta, perdendo a semana santa a gran parte dos meses do verán.

Este situación afectou especialmente ás pequenas e medianas empresas, que perderon a maior parte dos ingresos do ano, moitos xusto despois de realizar importantes investimentos.

Actualmente, aínda que progresivamente estanse recuperando os visitantes, segue existindo unha grandísima volatilidade no sector, que demanda das administracións públicas seguridade e certezas, así como

medidas de dinamización económica que permitan paliar os danos dunha das maiores crises da historia recente.



Neste contexto, resulta máis necesario que nunca a aplicación de medidas de alto impacto, que permitan repoñerse a un sector fundamental para a economía de Galicia e do conxunto de España.

Unha destas medidas excepcionais, amplamente demanda polo sector, é a rebaixa do IVE turístico, que aliviaría notablemente a carga fiscal á que están sometidos os visitantes, incentivando a demanda e dinamizando economicamente un sector profundamente debilitado nestes momentos.

Por todo isto:

- O Parlamento de Galicia insta ao Goberno central a reducir o IVE turístico, unha medida fundamental para a recuperación económica dos centos de miles de profesionais do sector turístico en Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 16:24:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 16:25:23

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:25:43

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 16:26:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 16:26:32

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 16:27:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 16:27:37

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 16:28:08

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 16:28:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 26/08/2020 16:28:37

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 16:29:01

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 16:29:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 16:30:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 16:30:51

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 16:31:21

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 16:31:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID19 supón unha das situacións máis difíciles que temos afrontado como sociedade en décadas. A afectación sobre a poboación, e o seu impacto sobre o noso modo de vida, evidencian a necesidade de estar permanentemente alerta e preparados ante as posibles incidencias, e prever todos escenarios posibles para afrontar coas maiores garantías.

Galicia está inmersa neste verán nun difícil escenario, pois é un foco preocupante de rebrotes en número de contaxiados. A esta situación súmanse, entre outros elementos, a incerteza provocada pola ausencia de datos oficiais ao mesmo nivel que outras CCAA e que o Estado, a queixa sistemática dos profesionais de Atención Primaria sobre a situación do seu servizo coa non cobertura de baixas e vacacións e ausencia de materiais, a indefinición sobre as medidas para o inicio do vindeiro curso escolar e a desaparición do aparato de información e publicidade que a Xunta tivo en funcionamento ata a metade do mes de xullo.

Non existe información nítida sobre o volume, formación e protocolos de actuación de rastreadores en Galicia, nin existen explicacións sobre as reclamacións de usuarios/as e traballadores/as de residencias de maiores sobre o trato ofrecido ou evitado a persoas residentes nestes centros. Non se coñece, na actualidade

Con todo isto, é importante coñecer a previsión de funcionamento para os vindeiros meses por parte de Goberno de Galicia, e buscar os maiores acordos políticos e sociais para fortalecer o sistema sanitario e a súa rede, co fin de afrontar nas mellores condicións a situación actual e a súa continuidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.





“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír unha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia na que se reciba información específica, o Goberno poida comparecer para o tratamento de cuestións específicas sobre a pandemia e poidan ser debatidas propostas e posibles acordos para a mellora da situación.”

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2020 10:09:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/08/2020 10:09:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 12 de decembro de 2019 *pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.*

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2018, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Elabore, no prazo máximo de tres meses, un documento que reflicta os obxectivos acadados con estas axudas, así como os concellos beneficiados con indicación do importe total recibido por cada un deles na X lexislatura. Este documento deberá ser colgado na páxina de transparencia da Xunta de Galicia e remitido aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

2º) Convoque á Comisión Galega de Cooperación Local, para estudar conxuntamente os obxectivos acadados nesta lexislatura con estas axudas, así como definir a inclusión do crédito orzamentario desta convocatoria de subvencións dentro do Fondo de Cooperación Local, incrementando a contía do Fondo Complementario destinado a concellos de menos de 30.000 habitantes.

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/08/2020 10:09:40

Paloma Castro Rey na data 21/08/2020 10:09:57

Pablo Arangüena Fernández na data 21/08/2020 10:10:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/08/2020 10:10:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Durante o período de suspensión da actividade lectiva nos centros como consecuencia da pandemia xerada pola Covid-19 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia da Covid-19.

Esta orde ditouse para axudar ás familias que, atopándose en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social, tiñan que asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa.

O importe das axudas quedou establecido en 2,50 € para os alumnos e alumnas beneficiarios da gratuidade total e 1,50 € para o alumnado que satisfai 1€ diario pola comida, logo das estimacións do custo das materias primas empregadas na elaboración dos menús escolares.

Segundo estimacións oficiais da propia Xunta de Galicia publicadas na súa páxina *web* o 30 de marzo, preto de 45.000 (en realidade 44.293) alumnos e alumnas se poderían beneficiar desta medida e, deles, 40.480 como usuarios con comedor gratuíto e 3.813 semigratuíto que pagan 1 euro.

Durante a comparecencia da Sra. conselleira na Deputación Permanente celebrada o día 22 de abril de 2020, afirmou que foron 30.159 os alumnos e alumnas beneficiados, o que supón un 68 % do alumnado potencial ou, dito doutro xeito, un 32 % do alumnado potencialmente beneficiario ao final non ten axudas ou, o que é o mesmo, 14.134 alumnos pertencentes a familias en situación vulnerable non estaban a recibir axuda naqueles momentos.

O certo é que a xestión destas axudas foi moi complexa ao carecer a Administración da información necesaria para facer máis áxil o procedemento e ter que recorrer ás direccións dos centros educativos para obtela; ademais, debe



engadirse a dificultade de moitas familias para facer o procedemento de xeito telemático empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia.

En resumo, atopámonos ante unha acción pertinente pero que debe ser mellorada en múltiples aspectos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a deseñar un proceso que permita coñecer, en cada curso, os datos necesarios para dar unha resposta inmediata e universal a todas as familias en situación de vulnerabilidade ante eventuais suspensións do servizo de comedor.

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:05:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/08/2020 13:06:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27 da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31 do noso Estatuto de autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta débese engadir o feito de que o peche dos centros educativos xera brechas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia, brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura para manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos sobre a posible evolución da pandemia da Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que se adaptar dependendo das circunstancias sanitarias que se podan dar e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o



desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se podan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o Goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, as ANPA e os concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

-Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

-Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos laméntase que non exista ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

-Por último, desde os concellos e a Fegamp trasladouse a imposibilidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas



por parte dalgúns servizos de intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, para o Grupo Socialista resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, polo que presenta a seguinte proposición non de lei: _

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Iniciar de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado, das nais e pais de alumnado e coa Fegamp para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.

2º. Que dote aos centros do profesorado de persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.

3º. Que habilite os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custos que deben asumir centros, as ANPA e os concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo Goberno de Xunta de Galicia.

4º. Que garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:06:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/08/2020 13:07:20



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O confinamento por coronavirus e o peche dos centros educativos a partir de marzo de 2020 puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo ante unha situación inédita. Tratouse dunha situación excepcional e mundial que afectou a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco e a preto de 230.000 en Galicia.

Ese novo contexto puxo de manifesto, entre outras necesidades, que debemos activar todos os recursos ao noso alcance para ser quen de manter a continuidade do proceso educativo a distancia e atender a toda a poboación escolar ante potenciais episodios nos que se repita a suspensión da actividade lectiva, xa que se puxo en evidencia a auténtica magnitude da brecha dixital existente entre o alumnado.

Dos datos publicados na *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, dedúcese de xeito inmediato a existencia de dous factores que determinan a existencia e amplitude da fenda á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.

1º) A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou *tablet*), así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.

2º) Menos impacto dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte do fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en contornos de menos de dez mil habitantes.

O certo, con independencia dos datos que se consideren, é que a situación vivida no último trimestre do curso 2020/2021 puxo de manifesto a necesidade de censar as necesidades de dixitalización que seguen sen cubrirse (% de centros sen plataformas en liña, % de alumnos sen ordenador, impresora ou conexión



axeitada a internet, % alumnos cos que resulta complexo comunicarse, etc). No escenario post-crixe e con posibilidades de que se repitan confinamentos de distinta amplitude e/ou periodicidade, este censo permitirá actuar de xeito moito máis eficiente.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Diseñar un proceso que permita coñecer, en cada curso, a realidade do alumnado en canto á dispoñibilidade de recursos axeitados para o seguimento de formación a distancia.

2º) Coñecida a realidade, dotar economicamente dos recursos necesarios á CEUFP para habilitar sistemas que permitan a dispoñibilidade universal de recursos.

3º) Fomentar, así mesmo, o establecemento de convenios con empresas subministradoras de servizos de internet que optimicen custo e cobertura do servizo para o acceso a portais educativos para o alumnado que así se teña identificado.

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:08:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/08/2020 13:08:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Paloma Castro Rey** e do seu deputado **Luis Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A aparición da pandemia do Covid19, fai que nos atopemos ante unha situación excepcional, e nunca antes vivida, que puxo de relevo as enormes dificultades de tódolos nosos sistemas, e especialmente o educativo.

Dende o peche dos colexios, como medida preventiva ante a pandemia, enfrontámonos a un escenario de incerteza no que lle corresponde ao goberno autonómico da Xunta de Galicia dar respostas á comunidade educativa.

A educación é un dereito que debemos protexer sempre, e especialmente nas circunstancias máis duras. En situacións de emerxencia, a educación ofrece protección e reduce as repercusións psicosociais dunha crise ao ofrecer un sentimento de normalidade, estabilidade, estrutura e esperanza, proporcionando ademais elementos esenciais para a estabilidade económica no futuro.

A Xunta de Galicia, como órgano con plenas competencias en materia educativa, debe garantir o dereito fundamental a unha educación pública de calidade, e impedir que como consecuencia desta circunstancia se faga maior aínda a brecha na desigualdade da educación por motivos por exemplo territoriais, se residen os alumnos no rural ou nas cidades.

Campolameiro é un municipio de Pontevedra, formado por 6 parroquias, cunha poboación de 1.806 habitantes e que conta cun colexio de educación infantil e primaria, o CEIP Pedro Antonio Cerviño, que atende neste momento un total de 63 alumnos.

A Xunta de Galicia ven reducindo nos últimos anos de forma progresiva o seu cadro de profesorado, estando formado neste momento por 9 profesores (algúns compartidos co CEIP de Moraña), mostrando desde a Consellería a intención de reducir o persoal a 7 mestres este próximo curso, o que conleva ter que xuntar diferentes cursos nas mesmas aulas, co que a organización do centro quedaría so seguinte xeito: 2 clases de educación infantil, 1 clase de 1º e 2º, 1 clase de 3º e 4º e 1 clase de 5º e 6º na educación primaria.



Esta medida ademais de producir un grave prexuízo á calidade educativa e pedagóxica do CEIP, supón unha contradición cos parámetros educativos establecidos para a “nova normalidade”, ao dificultar a distancia social.

A Xunta de Galicia ten a obriga de facer un esforzo para ofertar aos nenos e nenas do rural a mellor educación posible, dende a igualdade de oportunidades, apostando e apoiando ás familias que decidiron vivir no rural, conseguindo así enraizar á poboación sen que se vexan obrigadas en ningún momento a renunciar a unha educación pública de calidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a non diminuír o cadro de persoal de profesores existente no CEIP Pedro Antonio Cerviño de Campolameiro , e buscar alternativas que non prexudiquen a calidade e o nivel de atención do ensino público no rural.

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/08/2020 14:39:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/08/2020 14:39:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/08/2020 14:40:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da evolución da COVID-19 en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos da evolución da COVID-19 en Galiza non fan máis que aumentar a preocupación. A expansión de novos gromos indica que o virus está a tomar a dianteira.

Aumentan os gromos, os positivos, as persoas hospitalizadas, os contactos dos positivos que teñen que illarse, confinarse nos seus domicilios. Infelizmente de novo hai persoas falecidas.

De seguir esta progresión todo indica que en pouco tempo estaremos en termos similares aos da fase máis crítica.

Existe polo tanto preocupación pola evolución en todo o país, mais especialmente na Área metropolitana da Coruña, onde o número de contaxios é preocupantemente ascendente.

Hai expertos que teñen advertido que os contaxios nesta Área están empezando a descontrolarse e seguen unha progresión xeométrica, cun ritmo de contaxios similar ao de marzo e abril.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Precisamente na Coruña púxose en marcha no mes de abril un proxecto de investigación entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña. O proxecto consiste en crear un modelo para realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, que permite vixiar a epidemia e controlar posíbeis brotes.

Esta información facilita detectar con antelación os gromos, xa que permite anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos de coronavirus o antes posíbel. Segundo a información que nos chega, os datos que está arroxando son moi preocupantes, indicando un número de contaxios moi elevado.

Diante desta situación a Xunta de Galiza non poden seguir mantendo a opacidade, a falta de transparencia. É preciso que informe de cal é a situación, cal é a evolución da pandemia e que medidas ten posto en marcha.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar probas masivas para detectar a presenza de COVID-19 e así poder deseñar as estratexias de actuación, tanto de illamento, como de protección e necesidades de recursos.”

2.- Facer público o contido dos informes da investigación das augas residuais da Coruña, que se puxo en marcha no mes de abril entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña, a data na que ten coñecemento a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta dos mesmos e que actuacións teñen realizado tras coñecer a información dos mesmos.

3.- Informar no Parlamento galego de:

Cal é a planificación para deter a cadea de contaxios, se os brotes están localizados, controlados os positivos e os contactos, e se hai transmisión comunitaria.

Como se están realizando os rastrexos, por quen, cal é o número de persoas que están realizando esta labor, se son profesionais da sanidade pública ou pertencen a unha empresa privada, cal, que tipo de formación e cualificación teñen, que datos manexan, que tipo de coordinación se realiza cxs profesionais de Atención Primaria...”

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2020 12:12:42

Iria Carreira Pazos na data 18/08/2020 12:13:16

Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2020 12:13:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun Plan de Mellora da Atención Primaria con recursos humanos e orzamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante a primeira fase da pandemia orixinada pola COVID-19, de contención do virus, o elemento sanitario chave foron as Unidades de Coidados Intensivos (UCI) e a atención hospitalaria, porén, a Atención Primaria tórnase en fundamental á hora de detectar novos casos e facer o seu seguimento.

É preciso poñer en marcha un Plan para a Atención Primaria que recolla o aprendido nesta crise mais tamén todas as demandas que existían con anterioridade

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios da última década polo que se o seu reforzo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para afrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación. Mais tamén urxe un cambio de modelo, reverter as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da Sanidade Pública Galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxe a preparación da Atención Primaria a través dun Plan dotado no inmediato con 200 millóns de euros; partindo dos traballos realizados polas 16 comisións técnicas do Consello Técnico de Atención Primaria de Galiza para a reforma deste nivel asistencial.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Contemplan nos orzamentos da Xunta para o 2021, como mínimo un aumento de 200 millóns de euros para un Plan Atención Primaria no camiño de chegar ao 25% do orzamento para dar cumprimento ás propostas dos grupos de traballo,

2.- Modificar o Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Negociar un plano de Ordenación de RRHH que de resposta ás necesidades actuais e futuras de tódalas categorías de Atención Primaria.

4.- Crear prazas novas nos Centros de Saúde en cantidade suficiente para que permita aumentar o tempo da atención e a calidade asistencial.

5.- Incorporar á Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...”

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/08/2020 12:28:44

Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2020 12:28:48

María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2020 12:28:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de realizar tests masivos á poboación galega para loitar contra a COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) está sendo moi clara na recomendación de realización de probas a nivel masivo, para conter a pandemia da COVID-19, consideran que é a única maneira que ten un país de asegurarse que está conseguindo vencer ao virus.

Se non se realizan probas de xeito masivo á poboación, non hai forma de responder a cuestións chave como cal é a expansión do contaxio, a verdadeira taxa de letalidade, e que medidas se deben tomar para mellor deter a propagación.

Con tests masivos van poder detectarse persoas que non presentan signos, mais que si son positivos e así proceder ao seu illamento e das persoas que estiveran en contacto para reducir a cadea de transmisións.

Deste xeito tamén se permite identificar as comunidades e zonas de maior incidencia e risco de sufrir gromos e deste xeito establecer os recursos precisos e anticiparse aos picos de atención sanitaria que se vaian producir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cada vez faise máis preciso detectar os casos asintomáticos, que son os que máis poden propagar o virus.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a realizar probas masivas á poboación galega para detectar a presenza de COVID-19 e así poder deseñar as estratexias de actuación, tanto de illamento, como de protección e necesidades de recursos.”

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/08/2020 12:38:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2020 12:38:50

Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2020 12:38:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (MUPAV) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo a rotura dunha cañería provocou unha inundación da metade do edificio no que se atopa o MUPAV e danos no chan, nalgunhas das paredes e tamén nas portas, o que obrigou o seu director a tomar a decisión de pechar o Museo ás visitas.

O acontecido puxo en evidencia a precaria situación na que se atopa este espazo cultural de enorme importancia para Vilalba, a comarca da Terra Chá e o conxunto do país, non só polos seus fondos expostos senón tamén polo labor de estudo, investigación e divulgación que fai o seu persoal.

Porén, malia a súa relevancia cultural, o MUPAV conta con cada vez menos recursos económicos para enfrontar os custes de mantemento, persoal, expositivos... aos que se engaden as necesarias reparacións polos danos que causou a auga na inundación e tamén un recente incendio en febreiro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente o MUPAV recibe só as achegas económicas do Concello de Vilalba que son claramente insuficientes, toda vez que a Xunta de Galiza puxo fin en 2011 aos convenios de colaboración que viña subscribindo co municipio nesta materia.

Para o Bloque Nacionalista Galego é evidente que un espazo coma o MUPAV precisa dun financiamento estábel e suficiente que garanta o mantemento das instalacións e das actividades do museo. Neste senso, cremos que é necesaria a colaboración entre o Concello de Vilalba e a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Concello de Vilalba e a dirección do Museo da Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (MUPAV) para abrir un espazo de diálogo encamiñado a establecer fórmulas de financiamento estábel e suficiente que garantan o mantemento das instalacións e actividades deste espazo cultural.”

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/08/2020 14:09:09

Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2020 14:09:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como está recoñecido pola pluralidade das forzas democráticas o fenómeno alcumado transfuguismo político provoca un grave deterioro dos fundamentos do sistema político propiciando comportamentos que alteran a esencia do sistema democrático e da vontade popular.

A relevancia cuantitativa do referido fenómeno levou a que unha boa das organizacións políticas máis representativas a nivel do estado e das diversas nacións que se insiren nel, asinaron o día 7 de xullo de 1998 o *Acuerdo sobre el Transfuguismo* no que, entroutros extremos, asumíase o compromiso “*de impedir a utilización de tráfugas para constituír, manter o mudar as maiorías de Goberno das institucións públicas, a non apoiar ningunha iniciativa que proveña dos mesmos, y a desincentivar o transfuguismo político a través da adopción de medidas disuasorias de carácter económico, regulamentario e protocolario*”. Igualmente acordábase que “*será requisito previo para os concelleiros que abandonen o seu grupo de orixe, a permanencia, noutro grupo político, para que poda subscribir perante o seu mandato unha moción de censura*”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Acordo de 1998 foi obxecto de ratificacións, ampliacións e precisións realizadas nos anos 2000 e 2006 mediante sucesivas addendas ao texto inicialmente pactado. Así, no Acordo de 23 de maio de 2006 establecíase que debía entenderse por tráfuga; considerándose que procedía tal cualificación a aquela *“representante local que ... afastándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das organizacións políticas que as presentara, o sendo expulsadas destas, pactan con outras forzas para mudar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local”*.

Os referidos Acordos permitiron unha notable redución das mocións de censura que, subvertendo a vontade popular, propiciaban mudas nos gobernos locais, por motivos que, e non poucos casos e de xeito benévolo, poderíamos cualificar de espurios.

Asemade, como consecuencia dos referidos Acordos producíronse distintas modificacións no estatuto dos membros das corporacións locais, introdución da figura dos membros das corporacións locais non adscritos a ningún grupo político, ou a existencia dun quorum especial para a tramitación dunha moción de censura promovida por concelleiros ou concelleiras cualificados coma tráfugas. Modificación esta última parcialmente declarada inconstitucional polo Tribunal Constitucional.

Aproveitando o baleiro normativo deixado pola aplicación da referida sentenza do TC e obviando calquer principio de ética política e con total desprezo á vontade popular, (manifestada no proceso electoral celebrado hai apenas un ano), así como transgredindo o contido elemental dos Pactos Antitráfugismo asinados -e mesmo nalgún caso con presuntas accións de relevancia penal-; os grupos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipais do Partido Popular dos Concellos Castrelo de Miño e de Viana do Bolo impulsaron cadansúa moción de censura . Mocións de censura, xa consumada no caso de Castrelo Miño, e en tramitación no do Concello de Viana do Bolo que teñen como único obxectivo a remoción do Alcalde que encabezaba a candidatura que máis votos recibira nas eleccións de 2019. Tanto a moción de censura xa perpetrada -Castrelo de Miño- como a que está pendente da consumación -Viana do Bolo- están apoiadas por concelleiros que previamente abandonaran o grupo municipal orixinal e quebrantaran a disciplina da organización política na que concorreran ás eleccións, en ámbolos dous casos PSdG-PSOE.

No convencemento do necesario respecto aos principios e valores democráticos dos que son expresión os denominados Acordos sobre o transfuguismos, así como á vontade cidadá que de xeito maioritario opta por políticas de progreso económico e social, máxime na situación que estamos a atravesar, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza:

Asumindo o sentido e carácter do Acordo sobre o Transfuguismo asinado o días 7 de xullo de 1998 e os seus pactos adicionais de 26 de setembro de 2000 e de 23 de maio de 2006, manifesta o seu rexeitamento á presentación de mocións de censura pactadas con representantes locais que, individualmente ou en grupo, se apartaran do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas polas que concorreron ás eleccións, nomeadamente ás mocións de censura dos concellos de Castrelo Miño e de Viana do Bolo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comprométese a impulsar unha reforma lexislativa da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral que, respectando a doutrina fixada polo Tribunal Constitucional, limiten á posibilidade de presentación de mocións de censura apoiadas e/ou pactadas con representantes en Entidades Locais incurso en transfuguismo.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/08/2020 10:34:58

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2020 10:35:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2020 10:35:28

María González Albert na data 21/08/2020 10:35:40

Iria Carreira Pazos na data 21/08/2020 10:35:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dos seus deputados, Juan Carlos Francisco Rivera e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

